

SESION EXTRAORDINARIA DE 3 DE XANEIRO DE 2019

(Acta Número 01)

Sr. Presidente:

Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde

Sres. Deputados:

D. Argelio Fernández Queipo
D. Alvaro Santos Ramos
D. Pablo Rivera Capón
D^a. Mayra García Bermúdez
D^a. M^a. del Pilar García Porto
D. Lino Rodríguez Onega
D. Eduardo Vidal Baamonde
D^a. Sonsoles López Izquierdo
D^a. M^a. Elena Candía López
D. Xosé Ferreiro Fernández
D. Manuel Martínez Núñez
D. Juan Carlos Armesto Quiroga
D. Antonio Veiga Outeiro
D. Miguel Angel Sotuela Vega
D. José Antonio García López
D^a. M^a. Angeles Teijeiro González
D. Ramiro Moure Ansoar
D. José Ulla Rocha
D. José Demetrio Salgueiro Rapa
D. José Manuel Yanes Ginzo
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Pardo Lombao
D. Jesús Carreira Ferreiro
D. Jesús Manuel Núñez Díaz

Secretaria:

D. Manuel Castiñeira Castiñeira

Interventora:

D. Rosa Abelleira Fernández

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas horas do día **tres de xaneiro de dous mil dezanove**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde, reúnense os señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión extraordinaria convocada para o efecto

Actúa a Secretario D. Manuel Castiñeira Castiñeira, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Aberta a sesión, adoptouse, en relación co asunto incluído na Orde do Día, o seguinte acordo:

1.- RECLAMACIÓNS PRESENTADAS Ó ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, E APROBACIÓN DEFINITIVA DO MESMO SE PROCEDE.

Logo de ver o ditame das Comisións Informativas de Economía, Recadación e Facenda, e Réxime Interior e Relacións Institucionais:

“Vista a proposta da Presidencia, que di o seguinte:

“O proxecto de Orzamento Xeral 2019 da Excma. Deputación Provincial foi aprobado inicialmente o 27 de novembro e exposto ao público por 15 días hábiles, segundo anuncio no BOP nº 274 do 29 de novembro.

Á vista dos escritos presentados (3) e dos informes de Secretaría e Intervención que se transcriben a continuación, ponse de manifesto en canto a reclamación primeira a improcedencia de admitir o escrito como reclamación administrativa ó Orzamento Xeral 2019 e a desestimación das reclamacións segunda e terceira, polo que en base a ditos informes se propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Declarar a inadmisión do escrito presentado como reclamación administrativa, de D. Rubén Pérez Sueiras, en representación accidental da Asociación Animalista Libera e da Fundación Franz Weber.

2º.- Desestimar a reclamación presentada por Don Manuel Martínez Núñez, Alcalde-Presidente do Concello de Becerreá, Deputado non adscrito da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

3º.- Desestimar a reclamación presentada por Don Jesús Montouto González, veciño de Lugo.

4º.- Aprobar definitivamente o Orzamento xeral para o exercicio 2019, cos estados de gastos e ingresos, bases de execución, cadro de persoal e demais documentación anexa e complementaria unida ao expediente”.

INFORME DO SECRETARIO XERAL EN FUNCIONS POR SUPLENCIA DA SECRETARIA XERAL

ASUNTO: RECLAMACIÓN CONTRA O ORZAMENTO XERAL DE 2019 PRESENTADA POLO DEPUTADO D. MANUEL MARTÍNEZ NUÑEZ

Polo deputado Don Manuel Martínez Núñez, fórmulase reclamación durante o período de información pública do Orzamento xeral para 2019, aprobado inicialmente polo Pleno en sesión celebrada o día 27 de novembro de 2018 e sometido a información pública por medio de edicto publicado no Boletín oficial da provincia o día 29 de novembro, polo período de quince días hábiles.

A reclamación faise ao abeiro do disposto polo artigo 172.2.a (sic) é dicir: “Por no haberse ajustado su elaboración y aprobación a los trámites establecidos en esta ley”. Reclamándose a “inmediata retirada do documento e a súa posterior aprobación respectando en principio os prazos legais para o acceso á documentación ..”

A reclamación fundamentase nas alegacións que resumidamente din:

- Emisión do informe conxunta das Comisións Informativas de Economía, recadación e facenda e de Réxime interior e relacións institucionais, por non suxeitarse as regras de formación da vontade dos órganos colegiados, toda vez que o expediente non estivo á disposición dos membros das Comisións dende o momento da súa convocatoria.

- Non terse producido a declaración de urxencia da convocatoria que reduciría os prazos previstos, declaración que debe ser previa e someterse á ratificación dos membros das Comisións, como primeiro punto da orde do día.

- Como consecuencia do anterior entende que non se ten emitido o preceptivo ditame das Comisións informativas de referencia.

- Vulneración do dereito á información ao non poder acceder ao expediente en prazo, tanto no que se refire á convocatoria das Comisións Informativas como do propio Pleno no que se aprobou provisoriamente o Orzamento obxecto da reclamación.

MARCO NORMATIVO DE REFERENCIA

A.- Texto refundido da Lei de facendas Locias aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Artículo 170 Reclamación administrativa: legitimación activa y causas

1. A los efectos de lo dispuesto en el apartado 1 del artículo anterior, tendrán la consideración de interesados:

- a) Los habitantes en el territorio de la respectiva entidad local.*
- b) Los que resulten directamente afectados, aunque no habiten en el territorio de la entidad local.*
- c) Los colegios oficiales, cámaras oficiales, sindicatos, asociaciones y demás entidades legalmente constituidas para velar por intereses profesionales o económicos y vecinales, cuando actúen en defensa de los que les son propios.*

2. Únicamente podrán entablarse reclamaciones contra el presupuesto:

- a) Por no haberse ajustado su elaboración y aprobación a los trámites establecidos en esta ley.
- b) Por omitir el crédito necesario para el cumplimiento de obligaciones exigibles a la entidad local, en virtud de precepto legal o de cualquier otro título legítimo.
- c) Por ser de manifiesta insuficiencia los ingresos con relación a los gastos presupuestados o bien de estos respecto a las necesidades para las que esté previsto.

B.- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (En diante LBRL)

Artigo 46

(...)

b) Las sesiones plenarias han de convocarse, al menos, con dos días hábiles de antelación, salvo las extraordinarias que lo hayan sido con carácter urgente, cuya convocatoria con este carácter deberá ser ratificada por el Pleno. La documentación íntegra de los asuntos incluidos en el orden del día, que deba servir de base al debate y, en su caso, votación, deberá figurar a disposición de los Concejales o Diputados, desde el mismo día de la convocatoria, en la Secretaría de la Corporación.

C.- Regulamento orgánico da Deputación provincial (en diante RO)

Cap.II.- Dereitos e deberes dos Deputados/as

Sección 3ª.- Dereito á información

Artigo 23

a) Os expedientes incluídos na orde do día do Pleno e da Xunta de Goberno examínanse na Secretaría Xeral

b) Os expedientes incluídos na orde do día das Comisións Informativas examínanse nas respectivas unidades administrativas, sempre en presenza do funcionario responsable”.

(...)

Artigo 110

Voto particular.- É a proposta de modificación dun ditame formulada por un membro que forma parte da Comisión Informativa. Deberá acompañar o ditame dende o día seguinte á súa aprobación pola comisión.

(...)

Asuntos sobre a mesa .- Os acordos quedarán pendentes sobre a mesa a petición de calquera deputado, salvo que o presidente/a os declare de urxencia.

Poderán quedar pendentes se o solicitan o secretario ou o interventor, no ámbito das súas respectivas competencias, se a índole do asunto lles ofrece dúbidas sobre a legalidade da pertinente resolución, se esta se desviase da proposta de acordo.

Artigo 112. Emendas

Os Grupos Provinciais ou os deputados teñen dereito a presentar emendas de adición, supresión ou modificación aos ditames ou propostas de acordo, sempre que o fagan por escrito cun día de antelación ao

da celebración da sesión correspondente. Poderán, así mesmo, presentar no mesmo prazo textos alternativos, sempre que na súa parte expositiva se conteña a pertinente motivación.

Emenda.- É a proposta de modificación dun ditame ou proposición presentada por calquera membro, mediante escrito presentado ao presidente/a antes de iniciarse a deliberación do asunto.

ANTECEDENTES

Primeiro.- Polo señor Presidente mantivéronse reunións informativas cos voceiros dos Grupos provinciais, nas que presentou o orzamento xeral de 2019. As respectivas citacións para tales xuntanzas fixéronse polos medios habituais. Así:

- *Coa Voceira do Grupo Provincial Popular a reunión tivo lugar o venres día 16.*
- *En igual data co voceiro do Bloque Nacionalista Galego.*

Ao señor Deputado non adscrito e hoxe reclamante citouno o Señor Presidente mediante mensaxe remitido ao seu teléfono móbil (modo de citación habitual para estas reunións), concretamente o domingo día 18 de novembro. Non obtendo resposta á citación, o luns día 19, de orde da Presidencia, por persoa do se Gabinete chamouse por teléfono ao señor Deputado, quen respondeu, que non acudía á reunión co Señor Presidente, xa que ao celebrarse sesión da Comisión Informativa correspondente o xoves seguinte non era necesaria esta información previa.

Segundo.- Con data 19 de novembro, procedeuse a convocatoria e citación formal ao señor Deputado para a celebración conxunta das sesións das Comisións Informativas de Comisión de economía, recadación e facenda e Goberno interior e relacións institucionais que tería lugar o día 22 de novembro. Consecuentemente a entre a data de convocatoria e citación e a data de celebración da sesión con xunta das Comisións informativas de referencia transcorreron os preceptivos DOUS (2) DÍAS HABLES.

Terceiro.- Documentación esencial integrante do orzamento estaba elaborada o día 18 de novembro co obxecto de que o Presidente puidera informar do orzamento aos Voceiros dos Grupos Provinciais e ao Deputado non adscrito, como así efectivamente se fixo, agás ao señor Deputado non adscrito, ao non ser atendida por este a convocatoria a tal reunión informativa co Señor Presidente.

A documentación completa do orzamento xeral estivo desde o día da convocatoria, e dicir, desde o 19 de novembro no Departamento de Intervención, tal e como establece o artigo 23 do Regulamento Orgánico

Como se fai habitualmente, e para maior facilidade para os convocados as sesións das Comisións Informativas, dado que os señores/as deputados/as, xeralmente non acuden a consultar os expedientes en papel, procedeuse a achegala por electronicamente aos respectivos Voceiros e a D. Manuel Martínez Núñez, remitíndose neste caso as sete horas (7) e corenta e cinco minutos (45) do día 21 de novembro.

Cuarto.- Na sesión conxunta das Comisións informativas de Economía, recadación e facenda e Goberno interior e relacións institucionais, celebrada o día 22 de novembro, segunda consta na acta levantada polo secretario da mesma, prodúcense as seguintes intervencións, en relación ao expediente do Orzamento Xeral para 2019.

(...)

“Toma a palabra a Interventora para facer constar que respecto ao Expediente dos Orzamentos para 2019 entregado aos Deputados, fixéronse cambios na BASE 36 do Orzamento (apórtaselles copia do texto completo das Bases de Execución actualizadas) explicándolles as variacións realizadas.

Así mesmo, entrégaselles aos Deputados copia actualizada das follas do Anexo de Persoal afectadas pola modificación realizada polo Servizo de Persoal na denominación de 3 postos que pasan a denominarse “Axente de Emprego e Desenvolvemento Local” en lugar de “Técnico de Administración Xeral” que figuraba inicialmente na relación do Persoal Laboral Fixo. O Xefe de Persoal Manuel García Mel, presente na Comisión, toma a palabra e explica as razóns do cambio.

Fai constar tamén a Interventora que pola Área de Promoción Económica e Social acaba de presentarse escrito no que solicitan que para incrementar a dotación do Plan de Choque da Universidade en 50.000,00 € se dea de baixa por ese importe nas subvencións nominativas a subvención destinada á Universidade no programa de Investigación Científica, Técnica e Aplicada (4630.48900), para que como contrapartida se vexa incrementada en 50.000,00 € a aplicación 3261.48900 (Ensinanzas Universitarias).

A continuación a Interventora fai unha presentación técnica do documento e resume as principais cifras.

Toma a palabra o Deputado non adscrito Manuel Martínez Núñez e fai constar que quere que conste en acta que non se lle puxo a disposición o documento ata o día de onte o que lle impide estudar con tempo as posibles emendas, e pide que se retire do orde do día e que se lle dea trámite cumprindo os prazos correspondentes. Fai mención tamén á redución do Orzamento de Suplusa en relación ao aprobado pola sociedade. Por todo iso pide a retirada dos Orzamentos e se non se produce, que valorará emprender accións legais” (...)

Toma a palabra o deputado do BNG Xosé Ferreiro Fernández e tamén fai mención á falta de tempo para o estudo do documento e pide que se amplíe o tempo para presentar emendas.

O Secretario indica que as emendas, segundo os precedentes administrativos, se viñan admitindo con tal de que se presentaran por escrito antes da sesión do Pleno, por iso non pode manifestarse estritamente, pero que había que facelo con certa antelación para que puidesen estudarse. En canto a que se retire o documento depende se o Presidente declara o asunto de urxencia, e o Presidente así o fai constar.

Quere que conste en acta Manuel Martínez, que hai unha sentenza que di que por defectos de forma se pode anular unha convocatoria, e entende que este é un exemplo claro deste caso.

Insisten Manuel Martínez, Xosé Ferreiro e José Antonio García López (deputado do PP) en saber o prazo para a presentación de emendas dado o pouco tempo para estudar o documento, e o Presidente di que se dá de prazo ata as 10:00 do luns 26 para que poda dar tempo ao seu estudo antes do Pleno. Piden estes tres deputados que se lles transmita por vía electrónica exemplar do Orzamento actualizado coas modificacións inicialmente expostas.

Sometida a votación a proposta da Presidencia, a Comisión Informativa de Economía, Recadación e Facenda, e Réxime Interior e Relacións Institucionais, por maioría, coa abstención dos Sres. Deputados, D. José Antonio García López, representante do Grupo Provincial Popular, e de D. Xosé Ferreiro Fernández, do Grupo Provincial do BNG, e co voto en contra de D. Manuel Martínez Núñez, deputado non adscrito, acorda informar favorablemente a proposta sinalada no epígrafe, e propoñer ó Pleno a súa aprobación”

Quinto.- Con data 22 de novembro, convocouse e citouse a todos/as deputados/as á sesión ordinaria do Pleno da Corporación a celebrar o día 27 de novembro, de forma que entre a convocatoria e a celebración da sesión transcorreran os dous días hábiles que establece o artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Sexto.- Dende a data da convocatoria estivo a disposición dos señores/as deputados/as a totalidade da documentación dos expedientes dos asuntos que integraban a orde do día da referida sesión, entre eles o expediente completo do Orzamento xeral 2019, nas dependencias da Secretaría xeral, concretamente na Unidade de actas, lugar no que como saben todos os deputados/as se custodian nas convocatorias do Pleno.

Sétimo.- Con data 24 de decembro de 2018, por resolución do señor Presidente, desestimouse o recurso de reposición interposto polo deputado Don Manuel Martínez Núñez, contra a convocatoria da sesión conxunta

das Comisi3ns informativas de Economía, recadaci3n e facenda e de Goberno interior e relaci3ns institucionais.

CONSIDERACI3NS XURÍDICAS

Primeira.- Sobre os prazos de convocatoria.

Temos que rexeitar o alegado polo se3or deputado reclamante, dado que:

A.- En relaci3n á convocatoria das Comisi3ns Informativas

Alégase polo se3or Deputado recorrente que non se respectaron os prazos da convocatoria da sesi3n conxunta das Comisi3ns Informativas para o estudo, ditame e consulta do Orzamentos, incumprimento polo que se produciría unha vulneraci3n do dereito a informaci3n; fundamento tal incumprimento do prazo de convocatoria na vulneraci3n dos artigos 134.3 e 138 do ROF e "... máis especificamente nesta materia os artigos 22 e 23 do RO...". Temos que rexeitar tales afirmaci3ns, xa que:

Por un lado, entre o día da convocatoria 19 de novembro e o día da celebraci3n da Comisi3n Informativa 22 de novembro, transcorren os dous día hábiles preceptivos para as convocatorias das C I.

Por outro lado, o expediente do orzamento de 2019, estivo á disposici3n dos Deputados/as integrantes das C I convocadas, no lugar regulamentariamente establecido – artigo 23 do RO- no departamento de Intervenci3n.

b.- En relaci3n coa convocatoria do Pleno

Con data 22 de novembro convocouse e citouse a todos/as deputados/as á sesi3n ordinaria do Pleno da Corporaci3n a celebrar o día 27 de novembro, de forma que entre a convocatoria e a celebraci3n da sesi3n transcorreran os dous días hábiles que establece o artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Dende a data da convocatoria estivo a disposici3n dos se3ores/as deputados/as a totalidade da documentaci3n dos expedientes dos asuntos que integraban a orde do día da referida sesi3n, entre eles o expediente completo do Orzamento xeral 2019, nas dependencias da Secretaria xeral, concretamente na Unidade de actas, lugar no que como saben todos os deputados/as se custodian nas convocatorias do Pleno.

Non podemos aceptar que nas convocatorias das Comisi3ns Informativas nin na do Pleno, sesi3ns nas que, respectivamente, se ditaminou o orzamento e se aprobou inicialmente o mesmo, se incumprira o prazo de dous días hábiles que debe mediar entre a convocatoria e a celebraci3n das sesi3ns, sexan das Comisi3ns Informativas ou do Pleno da Deputaci3n.

Así mesmo debemos rexeitar a alegaci3n referida a que a documentaci3n do Orzamento non estivera en tempo e forma á disposici3n dos se3ores/as deputados/as na Oficina establecida polo artigo 23 do RO.

Segunda.- Sobre o réxime das petici3ns de que un asunto sexa retirado, quede pendente para outra sesi3n ou quede sobre a mesa, no Regulamento orgánico desta Deputaci3n.

Alega tamén o se3or Deputado, que a Presidencia declarou de urxencia a celebraci3n da sesi3n da CI, cando a sesi3n era ordinaria e non procedía tal declaraci3n.

Tampouco tal aseveración se compadece coa verdade. A sesión, efectivamente, era ordinaria e como tal se celebrou. O que o señor Presidente declarou de urxencia foi ditame do Orzamento, ao solicitar lo señor deputado que o asunto quedara pendente para outra sesión, é dicir, como non podía ser doutra maneira, o que se declara de urxencia non é a convocatoria da sesión da Comisión Informativa, senón o tratamento dun asunto concreto dos incluídos na orde do día da sesión da Comisión Informativa, concretamente, o ditame do orzamento de 2019.

Tal declaración de urxencia resulta absolutamente conforme coas previsións ao respecto do RO, concretamente co establecido no artigo 110 do mesmo, “Os acordos quedarán pendentes sobre a mesa a petición de calquera deputado, salvo que o presidente/a os declare de urxencia”.

Como vemos, estamos diante da aplicación, pura e simple, da autorregulación establecida pola propia Corporación no exercicio da potestade de autoorganización da que vén investida, como vimos anteriormente. Opción normativa aprobada no seu día (BOP 10 de marzo de 2011, por certo por unanimidade de todos os Grupos Políticos e, polo tanto por todos os señores deputados que conformaban a Corporación, entre os que se atopaba o recorrente.

Norma regulamentaria propia que, despraza neste punto as previsións do ROF, que non resulta de aplicación neste caso, xa que as súas previsións non reproducen disposicións recollidas en ningunha Lei, nin estatal nin autonómica nesta concreta cuestión, que non é outra que a regulación dos asuntos incluídos na orde do día dun sesión, para que que poden quedar sobre a mesa a petición dun membro dunha CI, para o seu tratamento nunha sesión posterior.

A modo de conclusivo dicir, que a sesión das Comisións informativas tiña o carácter de sesión ordinaria, por iso se convocou mediando o prazo de dous días hábiles entre a convocatoria e a celebración da mesma, que non se produciu declaración de urxencia da mesma, simplemente porque nin era necesaria, nin procedía. O que se declarou de urxencia pola Presidente foi o ditame do orzamento, fronte a petición do señor Deputado hoxe reclamante, que o asunto se retirase e quedase sobre a mesa para unha sesión posterior das Comisións Informativas

Terceira.- Sobre a inexistencia do preceptivo ditame do orzamento xeral 2019.

Na alegación segunda da reclamación, alégase a inexistencia de tal ditame. A respecto simplemente dicir que tal ditame, como non podía ser doutra maneira, consta tanto na acta da sesión da Comisión Informativa, que no seu día se achegou ao señor Deputado reclamante, como no expediente do orzamento que se someteu á aprobación do Pleno.

Cuarta.- Sobre a vulneración do dereito á información dos señores deputados.

En ningún caso podemos entender que se vulnerou o dereito á información do señor deputado non adscrito. Dos antecedentes de feito é dicir, do iter seguido no procedemento de aprobación inicial do orzamento e das consideracións xurídicas que se levan feito non cabe chegar a unha conclusión distinta.

A inexistencia da vulneración alegada por don Manuel Martínez Núñez queda acreditado polo feito de que o señor Deputado presentou nada menos que DEZANOVE EMENDAS, todas elas , tanto pola amplitude dos temas tratados como pola precisión e concreción das mesmas, amosan que en ningún caso se vulnerou o dereito á información, xa que de ser así sería materialmente imposible a formulación de tantas e tan matizadas emendas, como pode comprobarse coa lectura da acta da sesión do Pleno do 27 de novembro na que aprobou inicialmente o Orzamento.

A.- Polo que respecta á convocatoria das Comisións Informativas:

A afirmación de que o señor Deputado se personou na Unidade de Actas o martes día 20 para consultar os orzamentos, na que segundo fai constar no recurso se lle comunica, non se sabe por quen, "... que non se atopan a miña disposición e que lle será remitidos por coreo electrónico cando se poida..." resulta unha afirmación certamente grave, se a tal afirmación se fíxese, para a funcionaria (na sección de actas soamente hai funcionarias), grave pola falta de respecto ao señor Deputado e absolutamente contraria á práctica habitual e constante por parte das funcionarias da Unidade que, nestes casos, sempre remiten aos deputados/as á unidade responsable do expediente ou ben se chama ao mesmo para que acuda Actas para informar ao Deputado/a. Esta e nou outra é a práctica administrativa en relación coa consulta dos expedientes que van a ser ditaminados por unha CI, porque isto é o normativamente establecido polo artigo 23 do RO que establece: "c) Os expedientes incluídos na orde do día das Comisións Informativas examínanse nas respectivas unidades administrativas, sempre en presenza do funcionario responsable".

B.- Polo que fai referencia á convocatoria da sesión do Pleno

O artigo 23 do RO, establece que "Os expedientes incluídos na orde do día do Pleno e da Xunta de Goberno examínanse na Secretaría xeral"

Pois ben, desde a data da convocatoria do Pleno - 22 de novembro- todos os expedientes dos asuntos que integraban a orde do día da sesión estiveron a disposición dos señores/as deputados/as, entre eles o expediente completo do Orzamento xeral 2019, nas dependencias da Secretaría xeral, concretamente na Unidade de actas, lugar no que como saben todos os deputados/as se custodian nas convocatorias do Pleno.

Quinta.- en relación coa lexitimación do señor deputado para formular reclamación ao orzamento provisoriamente aprobado.

O artigo 170 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de facendas locais no seu parágrafo 1º, delimita o ámbito subxectivo dos lexitimados, en canto interesados, para formular reclamación contra os Orzamentos locais, de forma que soamente poderán formular reclamacións as persoas físicas e entidades referridas no artigo 170.1, é dicir:

- a) Los habitantes en el territorio de la respectiva entidad local.*
- b) Los que resulten directamente afectados, aunque no habiten en el territorio de la entidad local.*
- c) Los colegios oficiales, cámaras oficiales, sindicatos, asociaciones y demás entidades legalmente constituidas para velar por intereses profesionales o económicos y vecinales, cuando actúen en defensa de los que les son propios.*

No seu parágrafo 2º, delimita as causas polas que tales reclamacións se poden formular, é dicir, estamos diante de reclamacións con causa taxada

2. Únicamente podrán entablarse reclamaciones contra el presupuesto:

- a) Por no haberse ajustado su elaboración y aprobación a los trámites establecidos en esta ley.*
- b) Por omitir el crédito necesario para el cumplimiento de obligaciones exigibles a la entidad local, en virtud de precepto legal o de cualquier otro título legítimo.*
- c) Por ser de manifiesta insuficiencia los ingresos con relación a los gastos presupuestados o bien de estos respecto a las necesidades para las que esté previsto.*

Así as cousas, pode concluírse que os señores/as deputados/as non están lexitimados activamente para formular reclamacións durante o período de información pública dos orzamentos provinciais, xa que, como

toda información pública está destinada aos cidadáns na medida en que constitúe o canle típico de participación.

Este é tamén o criterio do TSX de Madrid, Sentenza 978/2012, do 21 de xuño. Fundamento xurídico primeiro e terceiro.

Ao noso entender, os deputados/as soamente poden usar este trámite de reclamacións no período de información pública, cando traten de defender os intereses propios en cando habitante da provincia, directamente afectados.

Criterio este, avalado polo Tribunal Supremo na súa Sentenza do 21 de xaneiro de 2003 e polo Tribunal Administrativo de Navarra. Resolución 5924/2008, do 25 de setembro.

Con fundamento en canto se deixa esposto séntase a seguinte,

CONCLUSIÓN.

Entendemos que procede que polo Pleno da Corporación se rexeite a reclamación formulada polo Deputado don Manuel Martínez Núñez, contra a aprobación inicial do orzamento xeral de 2019 acordada polo Pleno da Corporación en sesión do 27 de novembro de 2019.

INFORME DE INTERVENCIÓN

Asunto: Reclamacións ó Orzamento Xeral de 2019

O proxecto de Orzamento Xeral 2019 da Excm. Deputación Provincial foi aprobado inicialmente en sesión ordinaria o pasado 27 de novembro, e exposto ó público segundo anuncio no BOP nº 274, do 29 de novembro, por espazo de 15 días hábiles, presentándose en prazo no Rexistro Xeral de entrada os seguintes escritos:

1.- O 14.12.2018 co número 2018RT002439 de rexistro, Don Rubén Pérez Sueiras, en representación accidental da Asociación Animalista Libera e da Fundación Franz Weber, alega que os Orzamentos son a ferramenta perfecta para dotar de recursos ao desenrolo dunha estratexia continuada ao respecto da protección e benestar dos animais de compañía, máis tamén para previr determinados contextos de colisión coa fauna silvestre, así como a incentivación das condutas responsables cos animais domésticos e silvestres que conviven coa cidadanía luguesa de xeito cotiá, e plantexa a inclusión nas Contas de 2019 de partidas orzamentarias, en concreto:

Subvencións a entidades protectoras de animais con 150.000,00 €.

Programa de prevención e disuasión non letal de fauna silvestre en zonas periurbanas e de cultivos con 200.000,00 €.

Programa de xestión ética de colonias felinas con 50.000,00 €.

As novas partidas con dotacións a través da minoración das respectivas partidas de área.

2.- O 17.12.2018 co número 33931 por Don Manuel Martínez Núñez, Alcalde-Presidente do Concello de Becerreá, Deputado non adscrito da Excm. Deputación Provincial de Lugo, empadroado no concello de Becerreá, coa seguinte reclamación descrita dun xeito resumido:

Causa alegada: O orzamento inicialmente aprobado non se ten axustado ó establecido na lei en canto á súa elaboración e aprobación.

A motivación centrase en que a documentación integrante do expediente non estivo a disposición dos membros da Comisión informativa, dende o momento da convocatoria da sesión da Comisión do 22 de novembro, (ten presentado recurso de reposición contra o acto da convocatoria) e tampouco se tivo acceso á documentación integrante do expediente de aprobación do orzamento en prazo dende a convocatoria do Pleno a celebrar o 29 de novembro e, no caso do ditame da comisión, non se tivo acceso a ela en ningún momento.

En conclusión non se axusta as esixencias previstas na lexislación vixente en materia de formación da vontade dos órganos colexiados con lesión do dereito ao *ius officium* do artigo 23 da CE.

En consecuencia co anterior se reclama, por incumprimento da legalidade vixente nos trámites precisos para a aprobación do Orzamento, a inmediata retirada do documento e a súa posterior aprobación respectando en principio os prazos para o acceso á documentación incorporando o sinalado nesta reclamación.

3.- O 21.12.2018 co número 34642 por Don Jesús Montouto González, actuando en nome e dereito propio, veciño de Lugo, coa seguinte reclamación descrita dun xeito resumido:

Causa alegada: Por ser de manifesta insuficiencia os gastos orzamentados no capítulo 1 respecto as necesidades previstas no Anexo de persoal.

A fundamentación basease en que os cálculos das retribucións do persoal funcionario son deficitarias segundo as prazas e postos incluídos no Anexo de persoal.

Á vista dos citados escritos, e de conformidade co artigo 4.1.b).2º do RD 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, emítase o seguinte INFORME:

1º. O artigo 169.1 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais dispón (TRLRFL):

“... Artigo 169. Publicidade, aprobación definitiva e entrada en vigor.

1. Aprobado inicialmente o orzamento xeral, expoñerase ó público, previo anuncio no boletín oficial da provincia ou, no seu caso, da comunidade autónoma uniprovincial, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno. O orzamento considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

...”

O artigo 170 do TRLRFL dispón:

“... Artigo 170. Reclamación administrativa: lexitimación activa e causas.

1. Para os efectos do disposto no número 1 do artigo anterior, terán a consideración de interesados:

a) Os habitantes no territorio da respectiva entidade local.

b) Os que resulten directamente afectados, aínda que non habiten no territorio da entidade local.

c) Os colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar por intereses profesionais ou económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lles son propios.

2. Unicamente se poderán promover reclamacións contra o orzamento:

a) Por non terse axustado a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos nesta lei.

b) Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigas exixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.

c) Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzados ou ben destes respecto ás necesidades para que estea previsto.

...”

O artigo 171 do TRLRFL dispón:

“... Artigo 171. Recurso contencioso-administrativo.

1. *Contra a aprobación definitiva do orzamento poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establecen as normas da devandita xurisdición.*

2. *O Tribunal de Contas deberá informar previamente á resolución do recurso cando a impugnación afecte ou se refira á nivelación orzamentaria.*

3. *A interposición de recursos non suspenderá por si soa a aplicación do orzamento definitivamente aprobado pola corporación.*

...

O artigo 20.1 de RD 500/90, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo I do título VI da Lei 39/88, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais en materia de orzamentos, ” ...as reclamacións se considerarán denegadas, en calquera caso, si non se resolvesen no acto de aprobación definitiva.”.

2º. *Reclamación primeira:*

Solicita a inclusión de partidas especificando a finalidade e cantidade e non detalla a minoración específica doutras partidas, o que propón esta baseado nunha declaración de intencións en uso do criterio de oportunidade que non se atopa incluída en ningunha das causas do artigo 170.2 do TRLRFL, polo que procede a non admisión do escrito como reclamación ó Orzamento, non obstante a Corporación resolvera.

3º. *Reclamación segunda:*

Fai referencia a dispoñibilidade da documentación do expediente por parte do Deputado non adscrito, materia non regulada no TRLRFL. O artigo 170.2.a) do citado texto dispón expresamente “Por non terse axustado a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos nesta lei”, polo tanto, non é obxecto de informe desta Intervención, entendendo que, corresponde á Secretaría o informe nesta materia.

4º. *Reclamación terceira:*

O Anexo de persoal é confeccionado no Servizo de Recursos Humanos. Unha vez entregado na Intervención provincial calcúlase, a través de folia excel, o importe das dotacións orzamentarias atendendo ás características das prazas/postos incluídos no Anexo de persoal, axústanse cubrindo as distintas variables que implican as promocións internas, tanto horizontais como verticais, evitando duplicidades, traballo que se realiza conxuntamente por persoal de Recursos Humanos e Intervención e optando sempre polo importe mais axustado a realidade coñecedora por estes empregados públicos.

Tal como se describen na reclamación, os cálculos están feitos xenericamente sen considerar cada caso puntual, o que ocasiona a duplicidade no cálculo da dotación en moitos dos postos revisados da reclamación.

En resumo, o citado persoal, tras a presentación da reclamación e revisión dos cálculos orzamentarios, non aprecian déficit para axustar nas dotacións orzamentarias, aínda mais, existen numerosas prazas vacantes dotadas. No suposto de existir algún erro aritmético no cálculo das dotacións orzamentarias necesariamente será corrixido a nivel de execución orzamentaria.

En conclusión, non existe insuficiencia de crédito no capítulo de persoal, é polo que procede desestimar esta reclamación.

CONCLUSIÓNS:

Polo exposto, a que subscribe entende que segundo o TRLRFL non procede en canto a reclamación primeira a admisión do escrito presentado como reclamación ou alegación administrativa ó Orzamento Xeral 2019 aprobado inicialmente o 27.11.2018, non obstante a Corporación resolverá.

A reclamación segunda, queda pendente do informe de Secretaría en relación co punto 3 do presente informe, por afectar a prazos e regras do procedemento das convocatorias das comisións informativas e do Pleno.

A reclamación terceira, a que subscribe entende que procede desestimar a reclamación por non existir insuficiencia de crédito no capítulo de persoal.

É canto procede informar.

As Comisións Informativas de Economía, Recadación e Facenda, e Réxime Interior e Relacións Institucionais, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D^a. María Angeles Teijeiro González e D. José Antonio García López, representantes do Grupo Provincial Popular, e de D. Xosé Ferreiro Fernández do Grupo Provincial do BNG, e co voto en contra do Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, acorda informar favorablemente a proposta e propoñer ó Pleno a súa aprobación se procede”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez, en representación do Goberno Provincial, no seguinte sentido:

“Bo día e feliz ano a todos. Nesta época precisamente é cando todos nos marcamos novos retos, e agardo que entre todos podamos conseguilos.

A proposta que fai o Presidente para o Pleno de hoxe é declarar a inadmisión de tres reclamacións presentadas; unha reclamación que ten que ver cun representante da Asociación animalista Libera e da Fundación Franz Weber, que dende a Deputación evidentemente son todos coñecedores do esforzo inversor que estamos a facer precisamente para habilitar espazos nos que os concellos poidan levar os animais abandonados, e prestarlles coidado e a atención que requiren en toda a provincia nas diferentes comarcas achegando preto de oitocentos mil euros.

Por outra banda hai outra reclamación presentada por D. Manuel Martínez Núñez, na que tamén, en base ó informe de Secretaría, se entende que se debe desestimar.

E outra de D. Jesús Montouto González, na que, segundo o informe de Intervención, tamén se entende a súa desestimación.

Polo tanto o que se vai propoñer é a desestimación destas tres reclamacións, e a aprobación definitiva do Orzamento que foi aprobado inicialmente no Pleno Ordinario de novembro.

E remato esta primeira intervención dado que a valoración da necesidade do Presuposto xa se fixo coa súa aprobación inicial que foi no pleno de novembro”.

A continuación intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Feliz ano a todos no persoal, no político teñen que entender que non, espero que non sexa un bo ano para a maioría dos que están aquí.

Quixera facer unha primeira chamada en canto ó tema do *streaming*, xa vin que estaban comprobando o son e a imaxe, porque casualmente no último pleno cando Manolo Martínez, con motivo da súa moción, estaba lendo unha carta, a voz desaparece; xa é reiterativo, debe ser que a cámara ou a imaxe caen, sempre me toca a mín; por tanto pediría, máxime cando o deputado que está ó meu carón dixo que me publicaban todo o que quería, sería bo que repuxeran a voz, se a teñen nese vídeo.

Dito isto, espero que a intervención non sexa con dereito a expulsión e que podamos rematar o primeiro pleno do ano con tranquilidade, aínda que é bastante complicado cando aquí xa se di por parte da Deputada delegada que hai un informe de Secretaría; eu non vín informe ningún, o que vin foi un Decreto que asina o Presidente pero que non ten referencia ningunha á Secretaría ou a outra persoa. A verdade que é un informe intenso, de catorce follas, non sei se nalgún lado pon algo do Secretario Xeral.

Dito isto, xa empezamos con que na Comisión Informativa descubrimos con sorpresa que había un acordo, lexítimo, porque as forzas políticas poden firmar acordos e pactos, que non estaba na documentación que se nos entregou, o cal quere dicir que a documentación íntegra que nós reclamabamos non estaba aí ese día senón que aparece un mes despois.

Nós vemos con sorpresa como se nos esixe en Suplusa as convocatorias despois de quince anos de convocatorias feitas, durante dous anos e medio polo Presidente da Deputación que estivo de presidente de Suplusa, e cando este presidente convoca unha Xunta Xeral coas mesmas condicións e as mesmas normas que rexeron durante eses quince anos, estes señores, o Grupo social arribista, recorre esa convocatoria alegando, como di na demanda “por defectos de su convocatoria”. Isto é lóxico e lexítimo, e pódeno facer, pero a mín gustaríame un pouco de coherencia, non a lei do embudo, aquí aplican unha norma e alí outra, algo que se lles dá bastante ben.

Tamén quería empezar dicíndolle ó Presidente que aquí o outro día dixo, con motivo da expulsión, que Manolo Martínez viña montar “juergas” aquí, e o único que monta aquí “juergas” e tripitongas son vostedes, e non lle vou permitir que diga iso porque eu veño expoñer o que considero xusto e lexítimo aínda que sei que non lles gusta, pero que lle imos facer, se se irritan terán que facer outro tipo de actuacións.

Entrando na contestación ás reclamacións presentadas, teño que dicir que no 90% do que pón aquí que é referido á lexislación pura e dura, nada hai que dicir; se nós quitamos o marco normativo de referencia e deixamos só as afirmacións do Presidente, quedaríamos cun folio sen moita máis trascendencia xa que está cheo de medias verdades, de mentiras, de manipulacións e de terxiversacións, e que o fondo do asunto non ten nada que ver co que ocorreu con respecto ó recurso deste Deputado.

O marco normativo é perfecto, e o artigo 23 que di aquí que é unha práctica habitual; cando temos que recurrir á práctica habitual, eu levo aquí case vinte anos e a práctica habitual que se pón aquí nunca a vin, será unha práctica habitual dende hai uns meses en que vostede está aquí; xa en 2016 cando foi o debate de Presupostos o que di aquí non o fixo senón que fixo todo o contrario; o ROF, que agora parece ser que é o máis importante e o que decide, que é así, naquel momento non o era e agora parece ser que si, co cal estamos sempre utilizando a lei de forma torticera e con recursos administrativos que bordean a legalidade.

Eu non teño nada que dicir en que o Secretario da Comisión subscribira a oportuna convocatoria, métese o voto particular, que nunca nos Presupostos, e menos nas Comisións Informativas, se fixo; tamén é verdade que aínda que o quixeramos facer tampouco tiñamos a documentación para presentar eses votos particulares o día da Comisión, porque o que está claro é que a información, díse, é exactamente cando se entregou.

Fala duns antecedentes, que parece ser que á voceira do Grupo Popular e ó voceiro do Bloque Nacionalista Galego lle fixeron por medios habituais; é certo, como di aquí, que a mín o domingo dezaioito pola tarde parece ser que se me mandou unha mensaxe, eu o que non sei é en que parte da lexislación, do marco normativo que pón aquí, dí que as convocatorias para os Orzamentos se fan polo móbil do Presidente cunha mensaxe, e gustárame que me aclarara iso.

Tamén é certo que me chamaron o luns pola mañá dende a Deputación para vir pola tarde, pero obviamente eu non estou ó servizo do Presidente, eu non son membro do Grupo social arribista, e vou ás citacións que se fan axustadas á legalidade, algo que aquí non se fixo; porque eu non sei o que farán o Bloque e o Partido Popular, pero como a este informe lle dean o visto e praxe están cambiando de facto o Regulamento desta Deputación, que é algo que lles gusta facer, cando non lles gusta recurreno.

A exposición que se fai polo Presidente, que estará respaldada, como dixo a voceira do Grupo Socialista, por informes xurídicos, porque doutro xeito sería unha acción totalmente temeraria e, para min, todo o que se pón aquí constitúe dende logo unha doutrina francamente revolucionaria que transforma o ordenamento xurídico administrativo desta Deputación, e concretamente o ROF; dada a trascendencia desta nova doutrina xurídico administrativa como ocorreu con outras afirmacións feitas por algúns Deputados de aquí en escritos, eu creo que sería bo que este Decreto o publicaran nunha revista xurídica para que tivera coñecemento persoal de como se fan aquí.

Repito, se me convocou eu non lle vou contestar ás mensaxes, non teño porqué nin estou en disposición de suspender os compromisos previos que teño para estar con vostede, porque ademáis cando estiven o único que saquei foi mentiras, enganos, e falsidades; entonces comprenderá que a

súa palabra para min non vale absolutamente nada, porque tamén me puido citar o día seguinte de ir ó Parlamento Galego a montar aquel aquelarre para dicir que teñen estas grandes cifras do Presuposto, que as debían ter polo que dixeron alí, pero resulta que non o fixo ata hai tempo.

E está claro que a información previa non estaba o día da convocatoria, pero é que o din vostedes no propio informe que traen aquí, nun momento determinado díse: "como se fai habitualmente", que repito que non, "e para maior facilidade para os convocados..", ".. dado que os señores Deputados xeralmente non acoden a consultar os expedientes", non acoden a consultar os expedientes porque a práctica habitual é que unha vez que chegan a Actas eses documentos se nos envían automáticamente. E di: "remitiéndose en este caso a las siete horas y cuarenta y cinco minutos del día veintiuno de noviembre.."; a convocatoria da Comisión foi o día dezanove, hai un montón de correos aquí relacionados con isto, que lles podo dar, onde se ve como foi evolucionando a propia documentación, que incluso o día da Comisión volveuse cambiar, o cal quere dicir que non estaba esa documentación, e algunha apareceu un mes despois, como ese acordo que vostede dixo que estaba na documentación pero que, segundo nos deu o informe da Interventora o día do Pleno, podían dárnolo tamén porque tamén pertence ós Presupostos; nada diso se fixo.

A verdade é que, como din vostedes aquí, a documentación entregouse o día 21 ás sete corenta e cinco, e isto é o certo, o demais de vostedes, coma sempre, mentiras, manipulacións, terxiversacións, desviar a atención, ou sexa trilerismo político puro e duro. Pero é máis, nin estaba completa porque, como dixen antes, houbo que modificala, e aquí están tódolos correos, se é do seu interese, senón xa os verán noutra instancia, de como foi chegando a documentación sobre esa Comisión.

Trascendencia do ROF, de acordo, aparte de que o ROF o que non permitía hai uns anos agora permite absolutamente todo. Natureza das Comisións Informativas, todos de acordo e nada que discutir ó que poñen aquí; o que ocorre é que o último parágrafo da páxina 9 é falso, non se axusta, como parte destas cousas, á realidade, ".. tódolos que conformaban as dúas Comisións Informativas que de forma conxunta ditaminan os Orzamentos Xerais no departamento de Intervención dende o día da convocatoria da sesión das Comisións Informativas que os debía

estudar e ditaminar, é dicir dende o día dezanove de novembro”, isto é mentira, a documentación aparece o día vinte e un; pero é que agora remítenos a Intervención, se eu collo a convocatoria que nos mandan, ó final pon “a partires da convocatoria os expedientes encontraranse a disposición dos señores Deputados na Secretaría da Deputación”, e sempre dende a Secretaría nos remiten a Actas; nunca se nos mandou, nin é práctica habitual nesta Deputación, ir a Intervención a ver os Presupostos; se a queren cambiar cámbienla, porque eu non teño inconveniente”.

Neste momento por parte do Sr. Presidente maniféstase ó Sr. Martínez Núñez que debe ir rematando a súa intervención.

Continúa o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez na súa intervención, no seguinte sentido:

“Eu penso que dada a trascendencia disto debamos ser un pouco lasos, pero eu tamén entendo que todo isto lle moleste. E é práctica inmemorial de que se recolla aquí a documentación; e eu estou seguro, dos anos que levo aquí, que os funcionarios cando lles chega a documentación a remiten automáticamente, porque isto só pasou con vostedes, non pasou con ninguén máis. E se fora noutro Servizo non cre que nese Servizo nos dirían que tiñamos que ir a Intervención?, que é o lóxico e razonable, nada diso se fixo, por tanto vaia cambiando”.

Intervén o Sr. Presidente para indicarlle ó Sr. Martínez Núñez que debe ir rematando dado que leva catorce minutos na súa intervención.

Continúa o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez na súa intervención, no seguinte sentido:

“E que este é un informe denso; e despois vostede estrañase das emendas, o prazo que se nos deu das emendas foi de cinco días, dende o domingo dezaioito podíamos ter presentado as emendas, resulta que a realidade non é así; e encima ó Sr. Presidente imos ter que cantarlle o bo que é, “..se me permite no se que”, “..favorece especialmente al Diputado no adscrito”, iso é favoritismo ou prevaricación, eu pensei que as normas eran para todos, agradézolle esa deferencia

comigo, pero non é así; “.. prazo xenerosamente ampliado”, pero como poden dicir iso?; din que coñecía moi ben os Presupostos porque fixen dezanove emendas, e se tivera tempo faría cento noventa, se me tiveran dado o prazo previsto pola lei seguramente tiña cento noventa emendas; porque presentei as emendas sacándolle tempo á fin de semana, á miña familia, ó sono, eu non durmo, non xogo ó pádel, adícome ás emendas e pouco máis; xa sei que lle fai gracia don Darío, pero a realidade é tozuda, e non pode poñer esas cousas aquí, porque está mentindo”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Bo día, e que teñamos un bo ano no persoal, e que as decisións políticas que tomemos sexan o máis axeitadas posible para o conxunto da cidadanía porque para iso nos puxeron aquí.

E indo ó que nos trae a este Pleno, dende o BNG no pleno de hoxe, despois de ter votado en contra do proxecto de Orzamentos no Pleno correspondente, imos aplicar a maior responsabilidade posible. Podemos entender que algunha das reclamacións nalgún dos puntos puideran ter algo de razón, sabemos que os cualificativos cos que teríamos que definir este proxecto de Orzamentos non serían para nada agradables, sendo o máis suave que se me ocorre o de “chapuceiros”, poucas veces vin algo tan chapuceiro na miña vida; pero aínda así, por pura responsabilidade, dende o BNG non imos tomar ningunha decisión que puidera significar que estes Orzamentos, unha vez aprobados coa maioría lexítima que houbo aquí, non tiveran que aplicarse.

Por tanto, en canto ó que é o conxunto das reclamacións que se presentaron imos absternos; insisto, a pesares de que os Orzamentos non nos gusten, pero tampouco imos poñer paus nas rodas por así dicilo, nin por suposto imos ir ó xulgado a recurrir cuestións que cremos que por desgraza terían bastantes posibilidades de prosperar; pensamos que o remedio sería moito peor cá enfermidade; e por exemplo hai asociacións cuxo financiamento dependería destes Orzamentos, ou hai concellos que con estes Orzamentos estamos convencidos de que van intentar branquear a mala xestión dos seus Alcaldes durante estes tres últimos anos, neste último ano cunha choiva de millóns, os Alcaldes posiblemente non o merezan pero os cidadáns deses concellos merecen ter a atención debida, e se se consegue paliar en algo con estes Orzamentos benvido sexa.

Dicía que estes Orzamentos eran chapuceiros, dame a impresión, e canto máis o analizamos máis convencidos estamos, de que nin intentando facer a propósito algo mal feito, mal levado, e mal xestionado, se pode facer peor, e non quero que ninguén se ofenda co que estou a dicir, pero é o que cremos. Xa non é só porque a propia estrutura do Orzamento, como dicíamos no Pleno de Orzamentos, leva a que sexa case imposible saber como se distribúen os cartos nas distintas partidas.

Non é tampouco porque aquí se fixera un paripé; e fago unha pequena paréntese por se acaso quedou algunha dúbida, nós o primeiro contacto que tivemos para os Orzamentos, e xa o repetín máis veces, non foi nin por menxase, nin por correo, nin por chamada, foi o venres anterior que nos chamaron dende Presidencia para unha reunión o luns pola mañá, viñemos a esa reunión onde se nos deu un resumo do proxecto que se ía presentar, non tivemos ningún outro tipo de contacto, nin reunión, nin mensaxe, nin nada de nada; e tampouco nos queixamos, é unha decisión política do Goberno facelo así, non sei se é legal ou non pero cando menos é o que pasou.

Digo que se nos intentou vender algo cun autentico paripé, unha gran obra de teatro cando xa estaba todo o peixe vendido e sabiamos perfectamente que os Orzamentos se ían aprobar cun pacto entre o Partido Socialista e o PP, lexítimo, ata incluso posiblemente necesario, o que non vexo tan necesario sería nin sequera admitir as posibles suxestións que puideramos ter outros, sobre todo vendo o comportamento de responsabilidade que tiveramos en anos anteriores.

Deixando claro tamén o ocultamento que houbo, e isto si que foi certo, das emendas dos Grupos ós Orzamentos, porque si é certo que se manda toda a información ós Grupos segundo vai chegando a Actas, se non se mandaron as emendas ou ben o luns a mediodía ou ben o martes a primeira hora non foi por culpa de Actas senón porque alguén tomou a decisión política de non facelo, e iso afirmoo aquí e aseguroo, alguén decidiu que esa información non fora pasada ós Grupos Políticos, porque senón automaticamente se pasa a información toda. Eu non digo que sexa ilegal non mandalo, posiblemente non haxa nada na norma que obrigue a ter que mandar cada información que hai dun expediente automaticamente ós Grupos, pero se aparece algún papel novo unha vez convocado un organismo, o normal é avisar, porque senón a que nos vai obrigar?, a ter

unha persoa de garda diante da porta de Actas cada vez que entra un papel para poder acceder a el?; xa non digo que non nolo manden, pero que nos digan que hai algo novo no expediente e que veñamos buscalo, que sería o normal.

Unha vez presentadas as emendas, se se presentaron o luns antes da unha da tarde, non nos chegaron nin nos avisaron de que estaban á nosa disposición, é porque alguén tomou a decisión política de non facelo, e que non veñan con historias porque culpa dos funcionarios non foi, diso estou completamente convencido.

É dicir, chegamos aquí a votar uns Orzamentos onde, e xa non me meto no tempo que houbera para facer as emendas, para a maioría dos Deputados aquí presentes fora materialmente imposible que leramos esas emendas. Pero non só iso, senón que despois descubrimos, unha vez aprobados os Orzamentos, que a posteriori se asinou un documento e incluíuse no expediente, que modificaba as propias emendas; é dicir, votamos unhas emendas que, unha vez votados os Orzamentos, se modificaron; chapuza semellante é imposible.

Pero aínda non para aí a cousa, resulta que no propio acordo, que modifica os Orzamentos, por iso hai que metelo no expediente lóxicamente, se fora un acordo político en exclusiva non habería que facelo, no propio acordo se di que unhas subvencións que son nominativas van ser excepcionais dentro duns meses, e que eu saiba só hai dous tipos de subvencións, as nominativas que van no proxecto de Orzamentos, e logo aquelas cuestións que aparecen dun xeito excepcional ó longo do ano e que non puideron preverse no proxecto de Orzamentos, que van como subvencións excepcionais; pois no propio acordo político se recolle que haxa un conxunto de subvencións que dentro duns meses van ser excepcionais. Eu dende logo teño gañas de ler o informe que xustifique esa excepcionalidade, porque vai ser curioso, a ver como se xustifica unha excepcionalidade dunhas subvencións que se prevén uns cantos meses antes, precisamente cando se aprobaron os Orzamentos; chapuza semellante é completamente inadmisibile.

E nese acordo, e vanme perdoar os señores do Partido Popular, non só ten a culpa o Goberno, porque vostedes o firmaron, se é que non o redactaron que seguramente tamén; eu estou convencido de que os títulos que teñen os Deputados do Partido Popular os sacarían dun sitio

distinto có señor Casado, pero ás veces ata iso faime dubidar, porque parece que é o abc, hai varios avogados entre os Deputados, e que ninguén sabe que non se pode votar unha cousa e logo modificar as condicións diso que se vota?, ninguén sabe que unha subvención excepcional, como dí a propia palabra, é excepcional e non se pode prever uns meses antes a súa propia excepcionalidade?; é unha chapuza como a copa dun piñeiro, e son todos responsables, o Goberno por razóns evidentes, e quen propuxo e asinou ese acordo que foi neste caso o Partido Popular.

Aínda así dende o BNG non imos ir ó xulgado recurrir isto porque penso que tería tódalas de gañar. E se alguén o fai, a ver quen asume a responsabilidade do que poida acontecer como resultado desta inmensa chapuza, porque o é. Non sei que traballo custaba retrasar quince días a aprobación, porque incluso aquí se aprobaron os Orzamentos algún ano en xuño, e non pasaba nada porque se aprobaran o quince de xaneiro; facer unhas emendas en condicións, convocar unha Comisión para estudar as emendas e poder conxuntalas porque unhas foran contraditorias ou outras complementarias, non custaba nada facer iso; sen embargo tirouse pola vía rápida, pola fuxida cara adiante, non importa o que pase dentro de seis meses senón que o importante é saír agora do apuro, e así nos loce o pelo.

E díxeno o outro día por outro tema e repítoo hoxe, con este panorama, con estes dirixentes que gobernan neste momento a Deputación, neste caso o Partido Socialista, e cuns membros do Partido Popular que permiten e colaboran neste tipo de actuacións, o futuro da provincia penso que é bastante negro, e se temos que deixar que este conxunto de persoas que tomou estas decisións rixa o futuro da provincia penso que os nosos fillos e netos van ter que seguir emigrando.

E xa remato, con respecto ás reclamacións en concreto, que póden ser lexítimas lóxicamente, pero en dous dos casos, e vaime desculpar o Sr. Deputado Manuel Martínez, ás veces non deixan de parecer que son case o resentimento de persoas que estiveron nun partido e logo, polas razóns que fora, tiveron que saír, tanto nun caso coma no outro.

E no caso da asociación animalista, eu creo que non é o procedemento tampouco para facer este tipo de propostas, que nos parecen lexítimas, incluso interesantes; é máis, outras veces se teñen dirixido a nós, concretamente este colectivo, e se tiveramos falado non habería ningún problema en

usar os cauces normais, que sería o das emendas neste caso, para defender estas propostas ou outras que se puideran ocorrer, porque eu creo que sería o camiño máis idóneo para levar adiante este tipo de iniciativas que me parecen lexítimas e bastante interesantes.

En todo caso, mantendo o voto en contra ós Orzamentos, no caso das emendas imos absternos”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Bo día a todos, e tamén as miñas primeiras palabras serán para felicitar o ano a tódolos veciños da provincia e a tódalas persoas que nos seguen neste Pleno extraordinario, especialmente ós señores Deputados, e desexando primeiro saúde e despois moitas oportunidades en positivo, dende logo a nivel persoal e despois a nivel político que sexa o que os veciños decidan, que realmente é a esencia da nosa democracia.

Moi brevemente, pero véxome na obriga de puntualizar determinadas cousas, especialmente porque o noso Grupo tamén se ve sinalado neste acordo de Orzamentos.

En primeiro lugar, e xa o dixemos moitas veces pero probablemente nun pleno coma o de hoxe é necesario puntualizalo, o posicionamento que este Grupo adoptou sobre a Institución no eido orzamentario non se circunscribe ó ano 2019, nin ó 2018, nin ó 2017, senón ó ano 2016. Nese ano, e vista a situación de bloqueo, de paralise e de conflictividade, este último concepto aínda non foi en diminución, e basta escoitar ás persoas que me precederon no uso da palabra, decidimos, despois de moitas reunións e dun debate interno moi construtivo onde se citou a tódolos Alcaldes e voceiros e ós órganos supremos que temos no noso Partido, intentar ser o máis útiles posible á provincia e abandonar a posibilidade dun desmesurado interese nun rédito electoral.

Foron momentos certamente complicados, pero coincido coa aportación que fixo o Bloque Nacionalista Galego en que esta provincia, o tecido asociativo, as entidades locais, tiñan moi difícil sobrevivir catro anos sen Orzamentos. Ademáis de titulares, de palabras, de publireportaxes, que

moi a miúdo ven os veciños da nosa provincia, o que é indubidable é que para resolver as necesidades cómpren recursos, e esta Institución pon en marcha entorno ós noventa millóns de euros, coa colaboración inestimable de moitos funcionarios chegouse a un acordo, por aquel entón un acordo que tamén asinou o que hoxe é o Deputado non adscrito, un acordo que se fixo absolutamente público a tódolos Grupos do goberno e da oposición, e que creo que naquel momento ó único Grupo que non lle gustou, e que ademáis pataleou dun xeito enérxico, foi o Bloque Nacionalista Galego.

Un acordo no que intentamos negociar ata o último momento, con lealdade, dicindo sempre a verdade, e poñendo as cousas enriba da mesa, como fixemos nestes Orzamentos; este Grupo rexistrou unhas emendas, economicamente ridículas se o valoramos en termos porcentuais co total do orzamento porque tampouco pretendíamos desnaturalizar a esencia dese acordo que se adoptaba por varios anos, incluíndo o exercicio orzamentario do 2019; se este Grupo firma unha cousa no 2016 ata o ano 2019, aínda que non o firmáramos, só se deramos a palabra, o manteríamos, pero se o asinamos indubidamente ímolo cumprir.

Presentáronse certas emendas, algunhas que afectaban directamente a algún concello que entendiamos que era unha necesidade excepcional. Podía facer unha definición dese concepto de excepcionalidade, pero seguramente o señor Ferreiro, ó que non lle tomo a mal moitas das súas advertencias ou críticas, porque as fai dende o máis profundo descoñecemento do que foron as decisións do seu Grupo cando foi goberno desta Institución durante oito anos, e precisamente se en algo lle podían ensinar é a flexibilidade do concepto “excepcional”, iso se alguén o coñece ben son os Deputados que representaban a súa forza política nos oito anos de goberno que, dito sexa de paso, a pesares de cogobernar a Deputación durante oito anos, quedou reflectido no que rendibilizaron o seu traballo.

E non vou entrar en poñer en dúbida os nosos títulos, non procede porque a maioría dos documentos que se asinan aquí, por sorte ou por desgraza, non o fan os políticos senón os funcionarios, a quen unha vez máis agradezo o seu traballo, a súa responsabilidade, e o seu nivel, á marxe do que nós podamos dicir moitas veces que acaban sendo froito dos nosos debates políticos inxustamente, creo que neste momento procede tamén esa afirmación.

Dito isto, se vostede pensa que de chegar a un acordo en Orzamentos e intentar o desbloqueo desta Institución, e o conseguinte enfado que a vostede lle provocou sair do goberno, ten que ser penalizado pola poboación, só o invito a reflexionar como lle primou ó Bloque Nacionalista Galego desta provincia a súa responsabilidade de goberno durante oito anos, que dous Deputados tiñan e dous Deputados seguen, e xa non vou falar en termos matemáticos, o que está claro é que en positivo non o rendibilizaron.

Non lles vou dicir que os Orzamentos do ano 2019 nos gusten, por iso non os votamos a favor, non son os nosos Orzamentos e, como dixemos no seu debate, seguimos botando en falta un proxecto de provincia que esta Institución non debe renunciar a ter, pero si que alo menos se pon a disposición dos concellos, cousa que durante oito anos non estivo senón que só estivo a disposición dunha porcentaxe non maioritaria dos concellos da provincia; e dun xeito que fomos mellorando e construíndo entre todos, e iso por ser o primeiro pleno do ano tamén hai que intentar ver o vaso medio cheo, intentamos máis ca nunca respectar a autonomía local.

Non entendo que veñan millóns para dignificar a acción dos Alcaldes, iso eran outros tempos onde a excepcionalidade permitía que algúns concellos puideran ter infraestruturas do máis prescindibles, e outros non contaran con recursos para facerlle fronte ás infraestruturas máis básicas, porque amparándose nesa excepcionalidade o anterior Presidente, que todos recordaremos polos grandes convenios excepcionais que asinaba con algúns concellos da súa mesma cor política que nalgún caso, como no de A Fonsagrada, lle fixo ademáis meritorio de levar o nome do seu campo de fútbol, iso era excepcionalidade, era gobernar para uns poucos, era esta situación de goberno en minoría; o traballo, intentando ser responsable e construtivo, fixoo este Grupo, do que teño a honra de formar parte, e que defendemos dende o 2016 ata agora e o que asinamos, e o que asinamos é un acordo que favorece que a provincia teña Orzamentos.

Ese acordo que citan ámbolos dous Grupos, e que evidentemente o Grupo Provincial non redactou, e eu agradezo ademáis que se nos apunte porque entre o que facemos e o que din que facemos dende logo traballamos moito, pero ten unha explicación; eran unhas emendas no Orzamento, e o Goberno asumiu o compromiso de cumprir pero que nos pediu, polo traballo

orxamentario que supoñía descadrar a cantidade que ía nas subvencións nominativas, asumir o compromiso de tramitalas como excepcionais; é verdade, e aí teño que coincidir en parte co Deputado non adscrito, xa tivemos algún exemplo, de dicir unha cousa e despois non cumprila, polo que preferimos ter as cousas por escrito; e as emendas ós Orzamentos trasladáronse nun acordo entre dous Grupos que representan unha porcentaxe maioritaria nesta Corporación; pero evidentemente eran da mesma literalidade e, insisto, porcentualmente non desnaturalizaba o acordo de 2016 que realmente foi o que marcou o que sería unha senda, se se pode chamar de entendemento por difícil que pareza, para que esta Institución puidera ter Orzamentos.

É verdade que o propio informe que asina o Secretario en funcións pon en evidencia o que soe ser unha práctica habitual do Goberno e que, sendo sinceros, tampouco nos gusta e non está ben. A forma de dirixir os encontros con tódolos Grupos, encontros ós que está absolutamente obrigado porque está cun goberno en minoría, e ademáis paréceme moi saudable democráticamente porque, aínda tendo maioría absoluta creo que é super lexítimo intentar acordos coas forzas que están na oposición; nalgúns casos son acordos necesarios, como debía ser ese se se querían sacar adiante os Orzamentos, noutros casos non, creo que é a mellor maneira de adoptar pronunciamentos inamovibles, porque se teñen a unanimidade alo menos van ser moito máis lexítimos.

Iso debería ser unha práctica habitual, pero é verdade, e tamén o teño criticado en privado e agora póño enriba da mesa, que non son moi defendibles as formas que aquí un propio informe dun Secretario dea por válidas as convocatorias e transcriba incluso que se fixeron por unha mensaxe remitida ó teléfono móbil, non parece moi serio; que un Secretario teña que recurrir a acceder ó móbil do Presidente para dicir que foi convocado un Deputado, isto parece máis ben propio de catro amigos que quedan para tomar un café ca dun Presidente dunha Institución para convocar a un Deputado que foi elixido lexítimamente polos veciños. É certo que esa é a práctica habitual, supoño que será un exceso de confianza, será a forma de actuar de cadaún, pero iso non é institucional, é común, pero iso non quere dicir que sexa a forma correcta de convocar.

Tamén hai que puntualizar precisamente nese informe que hai un funcionario que explica que non se atopan a miña disposición e que serán remitidos por correo electrónico cando de poida,

e o Secretario, seguramente interpretando a normativa que reflicte que os expedientes incluídos na Orde do Día das Comisións Informativas examínanse nas respectivas unidades sempre en presenza do funcionario, e supoño que tamén por algún lado poñerá que terán que estar a disposición de tódolos membros dende que está feita a convocatoria; iso é dun xeito reiterado, e que pode ser demostrable, incumprido, e non por suposto porque non haxa unha actitude colaboradora dos funcionarios senón que a documentación non está no departamento correspondente; e hai multitude de exemplos que podemos documentar con correos electrónicos requirindo documentación, e incluso propostas que se traen a Pleno alteradas dun xeito substancial dende o primeiro documento que se nos entrega o día da convocatoria da Comisión ata o día da sesión plenaria.

Todo iso pode estar perfectamente documentado que, como di o voceiro do BNG, non imos ó xulgado porque temos un acordo para que haxa Orzamentos, pero algunha vez temos ido e cando tiñan responsabilidades de goberno precisamente o Bloque Nacionalista Galego nunca se nos estimaba ningunha reclamación tamén; todo iso é pasado, que está ben para aprender ou alo menos que debemos ser coherentes cando xulgamos algún feito que non nos guste, temos que ser tamén un pouco excrivos das nosas palabras ou das que dixeron os nosos representantes, pero esta é a realidade, e o que dí aquí este informe podemos acreditar documentalmente que de xeito constante e reiterado é incumprido; supoño que pola voráxine do goberno, o traballo, aínda que aquí non vexo que deba ser esa a razón, en tódolos sitios onde gobernamos nalgún momento é imposible ter toda a documentación a disposición dos Grupos Políticos, e eu son a primeira que nalgunha ocasión non somos capaces porque hai momentos puntuais en que o traballo non se da sacado adiante, pero ata o punto de que se poña nun informe que se cumpre sempre, aí si que temos que negar a maior porque iso non é verdade.

Dito isto, e dado que supoño que será o último Orzamento deste mandato, tódalas intervencións dos Grupos Políticos veñen unha vez máis constatar o que ó mellor ese talante que botamos en falta dun goberno que estando en minoría se ve obrigado a investir moito máis tempo nas negociacións con tódolos Grupos Políticos, o que lle dicíamos no Pleno pasado que moitas veces asuntos que poden levar a un debate desagradable, intentar entre todos traballar e acadar un consenso para chegar aquí e dar a mellor imaxe posible dentro da discrepancia política, que creo

que ninguén dubida, entre o Partido Socialista e o Partido Popular que é evidente que ideolóxicamente estamos moi lonxe, pero se algo temos que poñer en valor é que se tiñamos que estar catro anos sen Orzamentos cando ademáis vostedes saben, porque o asinaron, blindaron a imposibilidade de remover ó Presidente cunha moción de censura, porque estiveron de acordo en que estea aí e de feito votárono; por tanto hai que ser un pouco coherente e creo que non se lle pode pasar á provincia un prezo tan caro como para privalo de Orzamentos durante catro anos.

Por iso, intentando minimizar o que nos separa, neste punto imos manifestar a nosa abstención”.

A continuación intervén o Sr. Presidente, quen manifesta o seguinte:

“So para facer unha puntualización. A mensaxe que lle enviei ó Sr. Martínez foi igual ca unha chamada que se lle fixo ó BNG, para quedar con el e explicarlle os Orzamentos, non foi ningunha convocatoria de Comisión nin nada similar, foi algo que se fai de persoa a persoa; esa foi a miña intención, non sei o que di o informe, pero o que intentei foi falar con el, como falamos co BNG, para explicarlle os Orzamentos”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir o seguinte:

“Sr. Presidente, eu quizá fixen unha lectura torticeira e interpretei mal, pero aquí pon que se me da por convocado dende ese momento, iso é o que se interpreta aquí porque incluso despois contan os días de prazo dende ese día; ou está mal redactado ou mal feito. O que quedou claro xa aquí é o traballo que teñen que pasar para vestir as mentiras e para conseguir que un procedemento mal feito, irregular, e ilegal, se convirta en legal.

O voceiro do BNG falaba de resentimento, eu procuro non ter resentimento persoal con ninguén, porque nubla os sentidos e a min gústame estar lúcido e saber o que hai, pero tamén aprendo. E o que busco con isto é que se cumpra a legalidade e que se respecten as regras do xogo, que é algo que estes señores non fixeron; se eles en Suplusa poden recurrir por algo que lles dá a

razón unha sentenza, dende o meu punto de vista moi forzada, que era a convocatoria do Pleno, aquí se non cumpren esas normas poderemos ter os mesmos dereitos, nin resentimento nin nada, legalidade.

Vostede mesmo e o voceiro do Grupo Popular na acta da Comisión Informativa reiteran que a documentación non estaba a súa disposición nese momento. Despois fálanos do prazo das emendas, que nos da cinco días, aquí segundo vostede tivemos case un mes para presentar emendas con esa convocatoria, pero resulta que as emendas tivemos que presentalas nun prazo record e non se respectou o que di tamén neste informe, que se presentarán cun día de antelación; cando aquí a práctica habitual ata que chegou vostede era que incluso se podían presentar emendas *in voce*, e aqueles que foron Deputados aquí saben que moitas veces no propio pleno de Presupostos presentábanse emendas *in voce*, e non pasaba nada, porque o que as presenta seguramente as trae preparadas, ou é sumar e restar, porque o Presuposto parece que é un elemento importante do debate político dunha Institución pero o final é sumar e restar; ou incluso, como fan noutras Deputacións, se hai un erro, que aquí nas emendas do Partido Popular hai un erro claro e rotundo do que figura na acta, porque a partida non existe; aprobaron aquí unha emenda que non se podería levar a cabo, aínda que imaxino que haberá forma legal de arreglalo. Por tanto todo o que din non se axusta á verdade.

Despois dinos que declara de urxencia a celebración, porque fai unha interpretación do ROF que o beneficia a el, as urxencias neste país, ata onde eu sei, hai que votalas, parece ser que con este Regulamento forzado as urxencias non se votan, o Presidente di que se declara de urxencia e tírase para adiante sen votación; e así unha e outra vez. Porque a min non me vale que me digan que a responsabilidade lles fai votar a favor disto, non, vostedes non están votando a favor dos Presupostos senón que están votando que os Presupostos se legalicen cunha irregularidade, e cun informe que non se axusta á realidade.

Eu non teño nada que dicir con respecto ao acordo, e incluso me parece ben que, dada a pouca seriedade que hai, se poña por escrito, pero ese acordo apareceu un mes despois de aprobar o Presuposto, apareceu de casualidade na Comisión Informativa para este Pleno, e se estaba alí houbo case un mes para facerolo chegar; e polo resto, cadaún acorda e vota o que lle parece. E aquí ó

final terminan ademáis escondéndose unha vez máis detrás dos funcionarios, eu en vinte anos que levo aquí non teño nada máis que falar ben deles, incluso a veces puiden dicir algunha cousa que molestou pero creo que o fixen coa responsabilidade e para darlles explicación a algo.

E o que lle pediría ó BNG e ó PP, que xa anunciaron o voto, é que non legalizaran esta artimaña política con este informe para aprobar os Presupostos; non tivera pasado nada se se aprazara dous días máis a aprobación do Orzamento, pois seguramente estarían agora aprobados e non habería ningún problema.

E para rematar, a min non me cabe a responsabilidade do que poda pasar cos Presupostos porque, repito, eu aquí sempre viñen defender a legalidade e as regras de xogo para todos igual, algo que nesta lexislatura desapareceu por completo; e como todo isto da práctica habitual que se pon aquí é mentira, obviamente eu non vou tragar esa mentira”.

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Que quede claro que no que respecta ó BNG o Sr. Presidente pode seguir convocándonos por chamada, por mensaxe, polo que queira, e cando queira, para unha reunión que incluso eu entendín como informal váleme calquera convocatoria, incluso agradezo que nos chame tanto persoalmente como a través das persoas do seu gabinete, sempre que sexa unha reunión informal non pasa absolutamente nada; nós non somos uns fanáticos das formas porque mentres que nos permitan traballar calquera sistema é válido, e eu entendo que cando hai moito traballo ás veces hai que recurrir a fórmulas que non son estrictamente as convencionais, pero penso que iso é o de menos.

Dicía a voceira do Grupo Popular que o seu Grupo fora sinalado, pero é que o seu Grupo é asinante dun acordo de Orzamentos, é algo máis ca sinalado, é copartícipe. E ás veces parece coma se non quixeramos que o Partido Socialista pactara os Orzamentos co Partido Popular, non é así, de feito era necesario facelo, nin no ano 2016 nos opoñiamos a que negociara co Partido Popular porque, dada a situación, era imprescindible; nós o que dicimos é que foi unha decisión política de

non falar co BNG, pero iso é outra cuestión; o Sr. Martínez dixo agora unha cousa que por un lado tería bastante razón, alo menos en canto ó BNG, e non digo votar a favor pero cando menos unha abstención era moi fácil de conseguir, era unha cuestión exclusivamente de formas, non tiñamos ningunha intención de votar en contra dos Orzamentos como quedou claro na nosa intervención anterior; e foi unha decisión política, neste caso do Partido Socialista, de non chamar ó BNG nin sequera para preguntarlle se tiñan algo que suxerir.

E xa dixeran aquí que as consecuencias desa decisión non van quedar nestes Orzamentos, é unha forma de queimar pontes no presente e non sei se no futuro pero cando menos moi difícil de reconstruír cara adiante; pero é unha decisión política tomada con conciencia e con tódolos datos enriba da mesa, e saberán porque as tomaron e sobre todo teremos que asumir todos esa decisión e actuar en consecuencia, porque non sería complicado conseguir unha abstención, un voto a favor, ou o que foxe, e posiblemente alongando o proceso unha semana ou dúas este Pleno nin tería que terse celebrado posiblemente.

Dicía tamén a Sra. Candia que as súas emendas ou o documento asinado eran irrelevantes economicamente no conxunto dos Orzamentos, pois iso é o que me preocupa, porque iso demostra que aparte do documento escrito hai outro tipo de acordos como veremos con toda seguridade nos próximos meses; é máis, eu oínlle dicir á Sra. Candia dicir que non tería ningún problema en chegar a un acordo de Orzamentos co Goberno da Deputación sempre que se dotaran economicamente aquelas cuestións que foron aprobadas neste Pleno; eu boto de menos onde está por exemplo a senda que vai á Campiña que foi aprobada neste Pleno dúas veces; tamén onde está o diñeiro para acabar a estrada de Navia a Fonsagrada que foi aprobada por este Pleno, eran emendas do Bloque Nacionalista Galego; onde está a primeira partida para o pavillón de Burela, que desapareceu completamente tanto dos proxectos do Partido Socialista coma do Partido Popular; e qué ocasión mellor que o acordo de Orzamentos para dotar economicamente eses e outros moitos proxectos que foron aprobados no Pleno e non se fai mención para nada.

Como dixo moi ben, un acordo irrelevante economicamente, o que está asinado no volumen dos Orzamentos é un mínimo; pero votan en contra dunha emenda do propio BNG onde se di algo tan sinxelo como que se faga o mesmo cá Deputación da Coruña, que calquera

subvención fóra dos Orzamentos a aprobe o Pleno. É dicir, o propio Partido Popular non quere que as subvencións discrecionais de Presidencia veñan ó Pleno, porque votaron en contra, ou impediron que se aprobara unha emenda que ía nesa dirección, que non é nada inventado senón que é algo que se fai na Deputación da Coruña; porque eu cando preguntei cal era a fórmula para reducir a discrecionalidade ou a excepcionalidade das subvencións contestouseme dende os Servizos técnicos desta Casa, con toda a razón do mundo, facer o que fan na Coruña, que tódalas subvencións que non van nos Orzamentos se traían ó Pleno; sen embargo impediron que era emenda se aprobara, o que quere dicir que hai máis acordo do que está escrito no expediente de Orzamentos, que é lexítimo, pero asuman as consecuencias políticas de facelo, non o agochen.

E para rematar só unha cuestión á intervención do Sr. Martínez; eu cando falaba de resentimento referíame a resentimento político, non acostumo a facer referenzas persoais e tampouco nisto, é un resentimento político que incluso é normal cando unha persoa que está na actividade política ten problemas coa súa organización sempre hai certo resentimento, pero eu referíame a resentimento político non persoal.

En todo caso, como son os últimos Orzamentos, esperemos que no futuro cambie a forma de elaboralos, a propia estrutura dos Orzamentos, e sobre todo cambie o procedemento para a súa aprobación porque eu creo que tanto diñeiro de tódolos veciños e veciñas merece un tratamento máis serio do que se fixo neste caso cos Orzamentos desta Casa”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Cando dunha maneira reiterada me remito ás negociacións e ás reunións para aprobar o Orzamento do ano 2016 non é para evitar analizar o momento actual, pero dende logo non se entende o momento actual se non se contextualiza con esa data.

É indiscutible que a este Grupo, que a ningún se lle esquece que foi o que gañou as eleccións, ter unha Deputación sen Orzamentos durante varios anos podía ata ser un escenario de bo oportunismo político porque, insisto, esta provincia, e especialmente o tecido asociativo que

normalmente todos poñemos en valor o seu traballo e que intentamos corresponderlle cando nos demandan algún tipo de necesidade, veríase privado e prexudicado moi gravemente ata o punto de que algunhas terían que ver moi dubidosa a súa continuidade.

Dito isto, e sempre poñendo en valor que unha, alo menos a que lles fala, pero seguramente coincidirán comigo moitos dos que están aquí, interpreta o paso pola política como un escenario de oportunidades para poder facer cousas polo lugar que representa e dende logo como algo provisional, que non busca nin bloqueos nin grandes titulares, busca na medida do posible ser útil. Este mandato foi francamente complicado, cada vez que tivemos que pronunciarnos sobre un asunto importante tiñamos a responsabilidade, sen estar no goberno, de ser determinantes, e dende logo iso case facía máis grave un erro ca estando no goberno, porque no goberno sempre ten un outros resortes.

A análise de Orzamentos, como dixen, foi a decisión máis complicada que tivo o Grupo Provincial durante os últimos anos que non está con responsabilidades de goberno. E facendo xa un balance, tampouco nos imos arrepentir, creo que hoxe calquera veciño pode comezar polo sur da provincia e chegar á nosa marabillosa costa, e ve que practicamente tódolos concellos tiveron recursos desta Institución; e o que chamamos, o curto espazo de tempo que estivemos no goberno, como un plan de equilibrio económico máis ou menos foise cumprindo, foise materializando, e podemos dicir que fomos copartícipes ou responsables en última instancia dun cambio de forma de gobernar nesta Institución, que ó fin e ó cabo é o mellor recordo que nos pode quedar despois de moitos sabores e actitudes ben desagradables durante este mandato, pero os responsables dende logo son outros, son os que primeiro lle deron o apoio a un Presidente para gobernar, gustárame saber que acordo fixo o Bloque Nacionalista Galego no seu momento ou os Deputados que asinaron, que iso si que non se fixo coa transparencia das emendas do Partido Popular a este Orzamento; e tamén nos gustaría saber que foi o que provocou os enfados a uns e a outros, que realmente nós en última instancia a verdade non a sabemos, e tamén é certo que non é o que máis nos preocupa, ó final os veciños o xulgarán.

Nós dicíamos que as emendas non desnaturalizaban o acordo de 2016, e matematicamente llo reflecto; agás se sacamos o tema de Sarria que entendíamos que era un compromiso con ese

concello, e un dos nosos compañeiros o liderou dende o primeiro momento, especialmente no que se refire á asociación de empresas das Naves do Val do Mao que leva unha cantidade importante de 145.000 euros; se sacamos esa cantidade e outra que vai para a La Unión de Sarria de 45.000, supón un 0,05% da cantidade dos Orzamentos; pero non por nada senón porque nós non podemos desnaturalizar o acordo de 2016 que é a nosa palabra dada.

E ía un apartado moi importante, que parece que todo o mundo quixo esquecer, preocúpanos un pouco máis porque non o está facendo valer o Alcalde de Castroverde, pero seguramente que iso no seu momento tamén terá a súa explicación, que é a posibilidade de que as cantidades económicas que eran para subscribir convenios con concellos que tiñan residencias, non se bloqueara ou dinamitara a posibilidade de que esa xestión fora por Suplusa; algo que, como lle dixemos no debate de Orzamentos, o estabamos defendendo no xulgado e indubidablemente tiñámolo que defender onde podíamos dotalo de orzamentos que é a única maneira de darlle actividade.

A partires de aí, todo o que se poda acordar con consenso, e se en algo nos aplauden hoxe os veciños e veciñas é que se solucionen cousas con consenso, do debate político a xente está francamente cansa, e nalgunhas instancias que aínda o ven máis lonxe onde o tema ideolóxico ó mellor pode gañar máis protagonismo, pero no apartado provincial realmente a xente se ten unha necesidade dunha infraestrutura o que quere é que se arranxe; se ten unha residencia pechada o que quere é que se abra; se non ten un punto de atención á infancia o que quere é telo, non lles preocupa en absoluto se un Deputado do BNG discute e ten un acalorado debate co Deputado do Partido Popular. Ó fin e ó cabo estamos nun momento político complexo onde ademáis hai un escenario moi distinto ó que había no 2015, e creo que a mellor maneira de presentarnos para pedir o apoio ós nosos veciños e cun balance de feitos, porque de medias verdades e de moitas mentiras creo que a nosa poboación xa está moi farta.

Por responsabilidade asinamos no 2016, despois de moitas reunións; por responsabilidade non impedimos que a provincia tivera Orzamentos no 2019; e, aínda que non son os Orzamentos que nos gustan, por responsabilidade e porque hai uns informes favorables, abstémonos. Creo que hai moitas cousas que debe corrixir o goberno, dicímosllo moitas veces con afecto e outras con

máis vehemencia, creo que ademáis as coñecen, porque xa son catro anos cometendo normalmente os mesmos erros, cando alguén non os corrixe é que realmente non os quere corrixir, e alá cadaún, ó mellor iso ademáis lle funciona.

En todo caso cando este Grupo asina un acordo vai chegar ata o final do mandato, independentemente de que sexa ano electoral ou non, sendo coherente, as mocións que nós presentamos na oposición defendémolas no goberno; e non votamos en contra das emendas que di o Bloque Nacionalista Galego, abstivémonos.

E unha matización, gustárame saber cal é o Orzamento do pavillón de Burela, porque, que non o enganen, aínda non teñen nin o proxecto; se vostede nalgún momento ten a cantidade do que se necesita tanto para o pavillón de Burela como para outras necesidades que ten a provincia non dubide que, igual que fixemos no curto espazo que estivemos no goberno, no Partido Popular, especialmente cando sabemos que o noso apoio é determinante, sempre vai ter unha man tendida, porque ademáis creo que é a mellor maneira de construír provincia que é para o que estamos aquí”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez, en representación do Goberno Provincial, no seguinte sentido:

“Moi brevemente dado que, a pesares de non facer uso da segunda intervención, estando aquí como unha espectadora, creo que todos somos capaces de ver o amplo consenso, dado que tanto o Partido Popular coma o Bloque Nacionalista Galego nas súas intervencións dixeron que era fundamental para os veciños da provincia as achegas que se fan co Orzamento Provincial. Para o Goberno sen dúbida iso é o maior protagonismo que queremos ter, que é que realmente somos necesarios e o Orzamento Provincial é necesario para os nosos veciños.

Agradecer a abstención do Grupo Provincial Popular e do Bloque Nacionalista Galego, porque con iso hoxe vai quedar aprobado definitivamente o Orzamento para 2019, pero sobre todo recalcar que tanto o Partido Popular coma o Bloque Nacionalista Galego entenden que o Orzamento da Deputación de Lugo é fundamental e necesario para os nosos veciños”.

Intervén o Sr. Presidente para anunciar que se vai proceder en primeiro lugar á votación de cada unha das reclamacións, e por último da proposta que se trae ó Pleno.

En primeiro lugar procédese á votación da proposta de inadmisión do escrito da Asociación Libera. Efectuada a votación e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor 10 (correspondentes aos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista); abstencións, 15 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular, do Grupo Provincial do BNG, e do Sr. Deputado non adscrito). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta de declaración de inadmisión do escrito presentado por D. Rubé Pérez Sueiras, representante da Asociación Animalista Libera e da Fundación Fraz Weber.

A continuación efectúase a votación da proposta relativa á desestimación da reclamación de D. Manuel Martínez Núñez. Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 10 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista); votos en contra, 1 (emitido polo Sr. Deputado non adscrito); abstencións, 14 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta de desestimación da reclamación presentada por Don Manuel Martínez Núñez, Alcalde-Presidente do Concello de Becerreá, Deputado non adscrito da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

Seguidamente procédese á votación da proposta relativa á desestimación da reclamación de D. Jesús Montouto González. Efectuada a votación e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor 10 (correspondentes aos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista); votos en contra, 1 (correspondente ó Sr. Deputado non adscrito); abstencións, 14 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular, e do Grupo Provincial do BNG).

A continuación efectúase a votación da proposta de aprobación definitiva dos Orzamentos. Efectuada a votación e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos; 25; votos a favor, 10 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista); votos en contra, 3 (correspondente os señores Deputados do Grupo Provincial do BNG e do Sr. Deputado

non adscrito); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobado definitivamente o Orzamento xeral para o exercicio 2019, cos estados de gastos e ingresos, bases de execución, cadro de persoal e demais documentación anexa e complementaria unida ao expediente.

A continuación intervén o Sr. Presidente, quen manifesta o seguinte:

“Dicir tamén que dende que cheguei a este goberno o primordial para min foi ir aprobando os Orzamentos ano a ano, creo que se conseguiu con talante como dicía a Sra. Elena Candía, aínda que tamén dicía que me faltaba talante, creo que diso sobroume.

Lévanse investido máis de 230 millóns de euros durante estes tres anos, e co Orzamento deste ano vanse investir sobre cincuenta millóns de euros máis. Ademais creo que no reparto ningún goberno foi nunca tan obxectivo, e foi para atender as necesidades de tódolos veciños da provincia. Non hai tantos gobernos en minoría que aproben catro Presupostos, e neste sentido executar o 80% destes Orzamentos tampouco hai tantos.

Por iso quero agradecer ós compañeiros Deputados e ós funcionarios desta Deputación todo o traballo feito. E a partires de aquí os veciños decidirán; por tanto xa nos veremos en maio, e bo ano a todos”.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as doce horas e vinte e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretario, certifico.

